



Programa de Prevención
de Residuos Industriais
de Galicia
2013 - 2016
Declaración de Sostibilidade
Ambiental

XUNTA DE GALICIA



ÍNDICE

1. ANTECEDENTES E INTEGRACIÓN NO PROGRAMA DOS ASPECTOS AMBIENTAIS.	1
2. TOMA EN CONSIDERACION DO ISA, OS RESULTADOS DAS CONSULTAS E AS DISCREPANCIAS XURDIDAS NO PROCESO.....	4
3. RAZÓNS DA ELECCIÓN DO PROGRAMA APROBADO EN RELACIÓN AS ALTERNATIVAS CONSIDERADAS	6

ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1. Alegacións e informes recibidos.....	4
---	---

1. ANTECEDENTES E INTEGRACIÓN NO PROGRAMA DOS ASPECTOS AMBIENTAIS.

En data de 1 de marzo de 2011, a Subdirección xeral de residuos e solos contaminados remite comunicación de inicio do Programa de Prevención de Residuos Industriais de Galicia (2013-2016) á Subdirección xeral de avaliación ambiental, órgano competente na avaliación ambiental de plans e programas, en virtude do establecido no Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, que, como parte do procedemento de Avaliación Ambiental, procede a exposición pública da comunicación de inicio recibida na páxina web http://aae.medioambiente.xunta.es/aae/template_aea.jsp?page=proxecto_aea.jsp?id=1361 dende o 06/03/2012 ata o 05/04/2012 de cara a que tanto os cidadáns, como os membros do Consello Galego de Medio Ambiente, puidesen formular criterios de cara á elaboración do Documento de Referencia.

En data de 9 de abril de 2011 a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental emite a Resolución pola que se aproba o documento de referencia para a avaliación ambiental estratéxica do Programa de prevención de residuos industriais de Galicia 2013-2016 (PPRIG no sucesivo).

Os aspectos ambientais intégranse no propio desenvolvemento do Programa de Prevención xa dende o momento da redacción do mesmo, segundo os criterios indicados no Documento de Referencia elaborado pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental establecéndose os seguintes obxectivos no Programa:

1. Obtención e análise de datos representativos relativos a xeración e Xestión de Residuos Industriais.
2. Priorización dos fluxos de residuos industriais en canto a volume e perigosidade.
3. Proposta de medidas sectoriais e por tipo de residuo destinadas a reducir a xeración e/ou a perigosidade dos fluxos de residuos prioritarios e o establecemento de obxectivos cuantitativos de redución.
4. Establecemento de medidas transversais e obxectivos cualitativos para o resto de sectores e residuos industriais.
5. Establecemento da sistemática para o seu seguimento e revisión, incluíndo a definición de indicadores.
6. Desenvolvemento de mecanismos para a sensibilización e concienciación acerca do Programa.

Ademais, como obxectivos específicos cuantitativos, ademais dos correspondentes cualitativos, establécense os seguintes obxectivos a alcanzar coa execución do Programa:

- Industria do aserrado e elaboración de rocas ornamentais: Como obxectivo cuantitativo defínese a necesidade redución do 0,1-7 % da ratio (toneladas residuo/tonelada produto) dos residuos con código LER 010413 (residuos de grava y rocas trituradas distintos de los mencionados en el código 010407).
- Industrias de Moldeado e tratamento de superficies metálicas: Como obxectivo cuantitativo establece a redución do 2,5% da ratio (toneladas residuo/t produto) dos residuos con código LER 120101 (Limaduras e labras de metais férreos).
- Procesos térmicos; Industria do ferro e o aceiro: Os obxectivos cuantitativos para o período de vixencia do PPRIG son a redución potencial do 0,2% da ratio (toneladas/t produto) dos residuos con código LER 100202 (escouras non tratadas) e LER 100207 (residuos sólidos, do tratamento de gases, que conteñen sustancias perigosas); así como unha redución potencial do 1-2 % da ratio (toneladas /t produto) dos residuos con código LER 100210 (cascarilla de laminación).
- Procesos térmicos; Producción primaria de aluminio: Como obxectivos cuantitativos establécense os seguintes:
 - Potencial redución do 8% da ratio (toneladas residuos/ toneladas produto) dos residuos con código LER 100304 (escouras produción primaria).
 - Potencial de redución do 2-10 % da ratio (toneladas /t produto) dos residuos con código LER 100302 (fragmentos de ánodos).
 - Potencial redución del 15-25% da ratio (toneladas/t produto) dos residuos con código LER 161101 e 161102 (revestimientos e refractarios procedentes de procesos metalúrxicos).

Tódolos obxectivos indicados son de carácter meramente ambiental, sendo os obxectivos ambientais principais do PPRIG, a redución da xeración dos residuos industriais é o desligamento da relación existente entre residuos/crecemento económico. Outros obxectivos de índole ambiental aplicable o PPRIG son:

- Contribuír a alcanzar unha redución do 20% no ano 2020 dos residuos producidos en 1990.
- Contribuír a unha redución do 15% dos residuos perigosos producidos no ano 2015 .
- Fomentar e contribuír a alcanzar unha taxa de reutilización, reciclaxe e valorización de materiais de construción e demolición (RCD) do 70% (coas exclusións relativas o código LER 17 05 04) no ano 2020 con respecto a valores de 1990.

-
- Potenciación dun verdadeiro mercado de reciclaxe baixo criterios de autosuficiencia e proximidade.
 - Redución das necesidades de eliminación mediante vertedura final.

Como se pode observar, entre os obxectivos inclúense criterios de protección ambiental, incorporando polo tanto criterios ambientais en fase de deseño, levándose de forma práctica a cuantificación dos obxectivos citados a través da realización de programas específicos: Programa de actuación estratéxico (PAE), Programas de actuación estratéxicas e Programa de boas prácticas ambientais, que xunto coa difusión e divulgación pública do PPRIG constitúen as ferramentas básicas de actuación para conseguir os obxectivos propostos polo PPRIG.

2. TOMA EN CONSIDERACION DO ISA, OS RESULTADOS DAS CONSULTAS E AS DISCREPANCIAS XURDIDAS NO PROCESO

Unha vez finalizados os traballos de redacción do Programa de Prevención de Residuos Industriais de Galicia (2013-2016), o Programa e O Informe de Sustentabilidade, a través da resolución de 7 de setembro de 2012, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, publicado no Diario Oficial de Galicia de 26 de setembro de 2012 (DOG nº 178, páxina 37376), sométense durante 45 días, a un período de exposición pública e consultas, en cumprimento do recollido no artigo 10, no seu punto 1 apartado b da lei 9/2006, e tal e como recolle o documento de referencia no seu apartado 1. O documento para consulta estivo a disposición do público interesado na sede da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, localizada en San Lázaro s/n, Santiago de Compostela e a través da páxina web institucional, (<http://www.cmati.xunta.es/>). Como parte do procedemento tamén se remite copia, en data de 25 de setembro de 2012, os organismos e entidades consideradas afectadas. Unha vez finalizado o prazo de exposición pública recíbense un total de 2 alegacións e o informe de calidade do ISA emitido pola Subdirección xeral de avaliación ambiental,

Táboa 1. Alegacións e informes recibidos

Nº	DATA	ORGANISMO	CONTIDO
1	24/10/2012	FEDERACION ESPAÑOLA DE LA RECUPERACION Y EL RECICLAJE	INDICA QUE O PRINCIPIO DE SUFICIENCIA NA XESTION DE RESIDUOS NON É APLICABLE A TÓDOLOS RESIDUOS É INDICA TAMÉN QUE O CONCEPTO DE MATERIA PRIMA SECUNDARIA E SUPRODUTO ESTÁ/ESTARÁ CONVINTAMENTE DEFINIDO POLO MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE.
2	14/11/2012	DEPUTACION PROVINCIAL DE PONTEVEDRA	ACEPTA O CONTIDO DO PPRIG
3	21/11/2012	SUBDIRECCIÓN DE AVALIACIÓN AMBIENTAL	EMITE INFORME DE CALIDADE DO ISA, CON CORRECCIÓNS Ó ISA

En relación a incorporación das alegacións o contido do programa e do ISA, simplemente sinalar que se incorporan as correccións detectadas no informe de Calidade do ISA. Non se incorporan as recomendacións da Federación Española de la Recuperación y el Reciclaje porque as indicacións que precisa non constitúen alcance propiamente dito do Programa de Prevención de Residuos Industriais de Galicia (2013-2016), debendo ter en conta ademais que no relativo a cuestión proposta sobre a consideración de materia prima secundaria/subprodutos, a utilización deste tipo de materias será sempre e en todo caso, respectando a normativa existente e aquela que sexa ditada a posteriori da redacción do PPRIG.

Finalmente, remítase ao órgano ambiental a documentación necesaria para continuar coa tramitación da Avaliación Ambiental Estratéxica e que se proceda á elaboración da correspondente Memoria Ambiental.

Dita memoria apróbase en data de 24 de xaneiro de 2013 (a disposición do público na páxina web <http://aae.medioambiente.xunta.es/>), modificándose o prazo temporal de aplicación do PPRIG de 2012-2016 a 2013-2016.

Como consecuencia do procedemento de avaliación ambiental estratéxica a memoria ambiental recolle unha serie de determinacións que deben ser tomados en consideración a hora de cumprimentar a información dos informe de participación e as consultas e o ISA, incluíndo a necesidade de presentar un informe sobre como foron integradas as determinacións, que lle será remitido, xunto coa documentación do Programa, á Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, para velar pola súa integración; as determinacións a incluír son as seguintes:

- De conformidade co artigo 15.1 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, deberase incluír unha valoración sobre a utilidade dos exemplos de medidas que se indican no anexo IV da citada Lei ou outras medidas axeitadas.
- Os programas que desenvolvan o PPRIG, de acordo coas observacións feitas no informe sobre a calidade ISA sobre a viabilidade económica do Programa, deberán xustificar o beneficio económico esperado da súa aplicación.
- O Informe de Participación e Consultas deberá incluír copia do informe sobre calidade do ISA emitido por esta Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental e xustificar como foron consideradas as súas observacións.

Unha vez incluídas as determinacións recollidas na Memoria Ambiental, remítase copia completa da documentación do Programa incluído o informe sobre a integración das determinacións recollidas na memoria ambiental.

3. RAZÓNS DA ELECCIÓN DO PROGRAMA APROBADO EN RELACIÓN AS ALTERNATIVAS CONSIDERADAS

No proceso de redacción do PPRIG a proposta pasou por tres fases ou niveis xerárquicos diferenciados de cara a elaboración da proposta que, dende tódolos puntos de vista, constituía a proposta óptima. O primeiro nivel xerárquico de decisión ben definido polas alternativas O: Non realizar programa de prevención e Alternativa 1: Realizar un programa de prevención (PPRIG), que se definen a continuación:

- Alternativa O: Non realizar Programa de Prevención (PPRIG): En este caso, o marco de planificación vixente a nivel de prevención seguiría estando constituído, ata a elaboración dun novo plan de residuos industriais ou Plan sectorial de residuos (DOT) polo Plan de Xestión de Residuos Industriais e Solos Contaminados vixente (PXRIG); polo é probable que, debido o esforzo preventivo realizado polos produtores de residuos industriais a liña de tendencia actual dende o ano 1999 no que se observa unha clara redución da produción de residuos continuase cunha leve redución da produción de residuos e diminución do indicador proposto residuo/VEB; pero isto sería debido fundamentalmente ó efecto do incremento do valor do VEB. Esta situación sería válida ata decembro de 2013, data a partir de cal se fai imprescindible contar cun Programa de Prevención de Residuos Industriais de Galicia segundo o artigo 15 da Lei 22/2011, do 28 de Xullo, de residuos e solos contaminados.
- Alternativa 1: Realizar Programa de Prevención (PPRIG): Realizar un Programa de Prevención de Residuos Industriais conleva en primeiro lugar un custe económico para a Administración Pública, que aínda que non moi elevado si que hai que considerar. Existe ademais un imperativo legal con data de decembro de 2013, polo que a alternativa de realizar o PPRIG fronte a alternativa de seguir co modelo actual colle máis forza, e finalmente, levar a cabo este proceso ten unha serie de vantaxes entre as que se inclúen:
 - Actualización do inventario de residuos industriais producidos: O anterior data de 1999, sendo as políticas preventivas aplicadas pola administración e as empresas produtoras profusas durante este período polo que os cambios producidos na tipoloxía, volume, etc. pode levar a conclusións diferentes con respecto as realizadas en 1999, ademais da gran utilidade que presentan estes datos para outros usos.
 - Fomento da prevención: Evidentemente, o feito de establecer obxectivos claros, cualitativos e cuantitativos concretos, a través do establecemento de medidas axeitadas, obriga as empresas produtoras a facer un esforzo extra con respecto a situación actual que implica en primeiro lugar un beneficio directo para a empresa en termos de aforro

e competitividade, e un beneficio indirecto de carácter ambiental para toda a sociedade.

- Publicidade: Todo procedemento que sexa publicitado redundará positivamente no senso de que enriquecerá o proceso coa súa participación e contribuirá a un mellor coñecemento e aplicación, tanto do público en xeral como dos principais interesados: os produtores de residuos industriais.

Nunha primeira fase ou nivel do análise de alternativas seleccionase, por cuestións de tipo xurídico e técnico a realización do PPRIG como alternativa a levar a cabo.

Nun segundo nivel de análise de alternativas, considerase a alternativa 2: Inclusión do programa de prevención no Plan de Xestión de Residuos Industriais e Solos Contaminados (PXRIG) fronte a alternativa 3: Realizar o PPRIG de forma independente, que se definen a continuación:

- Alternativa 2: A alternativa baséase na realización dun programa de prevención que forme parte dun plan de xestión de residuos, motivo polo cal e tendo en conta que o anterior data de 1999, sería necesario proceder a realización dun novo plan de residuos, que incorporase dentro do seu contido o programa de prevención.
- Alternativa 3: A alternativa contempla a redacción dun PPRIG independente ó PXRIG que incorpore as medidas, obxectivos e medidas axeitadas para conseguir unha redución dos residuos producidos.

En este caso seleccionase a alternativa 3: Realizar o PPRIG de forma independente polos seguintes motivos:

- Constitúe a vía máis axeitada para romper o vínculo entre crecemento económico e impactos ambientais asociados á xeración de residuos de orixe industrial; xa que se deseñará para poñer o énfase no que se coñece como solucións de principio de liña para a xeración de residuos.
- Facilitade de difusión dos programas incluídos dentro do PPRIG: a información é máis fácil de difundir e comprender de forma separada que conxuntamente.
- Maior eficiencia da actuación: Ó separar a prevención da xestión de residuos en programas diferentes é de agardar unha maior sinerxía.
- Público interesado diferente a nivel de xestión e/ou prevención.
- Maior facilidade para avaliar o grao de cumprimento dos obxectivos proxectados.
- Cumprimento das disposicións normativas en materia de prevención de residuos.
- Dificil aprobación dun novo PXRIG antes de decembro de 2013.
- En caso de realización dun novo PXRIG o programa de prevención aprobado podería ser incorporado as directrices do PXRIG.

Finalmente nun terceiro nivel establécense dúas alternativas de traballo: Por unha banda pódese considerar que o PPRIG debe ser deseñado dende o punto de vista de produción do residuo e/ou as súas características de produción, e non considerar outras variables que non estean relacionadas, ou polo contrario en función do seu efecto no medio (por volume de vertedoiro necesario, etc..). En ese senso fórmulanse dúas novas alternativas que se describen a continuación:

- Alternativa 4: Os programas de actuación do PPRIG consideran unicamente o residuo na súa análise de forma que se poderían establecer programas por sector de actividade, pola cantidade de residuo xerado ou polo potencial de recuperación de materiais/subprodutos.
- Alternativa 5: Os programas de actuación incluídos no PPRIG centraríanse na redución dos efectos da xestión dos residuos sobre o medio como consumo de recursos naturais e risco ambientais asociados, polo que o PPRIG incidirían nos seus programas na redución da eliminación dos residuos, sobre todo dos perigosos.

A alternativa seleccionada, é a alternativa 4 debido a maior valoración obtida por esta alternativa con respecto ó grao de cumprimento dos criterios de sustentabilidade recollidos no documento de referencia emitido pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.